

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 7 | Edición nº 81 | Agosto de 2021 | Prezo 2 euros

Libro catálogo
dos 50 anos
do Pazo dos
Deportes
da Coruña



Páxina 4

Programa de
Festas de María
Pita na Coruña



Páxina 7

O BNG de Cea
quere recuperar
cultivos de trigo
e acadar a
denominación de
orixe protexida
Pan de Cea



Páxina 12

Os músicos da
Banda Municipal
de Lugo
melloran á súa
situación laboral



Páxina 13

O PSdeG
denuncia o mal
estado do
viveiro municipal
de Ourense



Páxina 14



A Coruña reforza o seu compromiso coa seguridade cidadá promocionando a 12 policía locais

Páxina 4

Entrevistas cos voceiros parlamentarios



Pedro Puy (PP)

Páxina 3



Ana Pontón (BNG)

Páxina 5



G. Caballero (PSdeG)

Páxina 8

Nós, a Xente do Redor

Subscríbete en
Tlf. 988 60 70 75
Tlf. 672 435 891



Xa a Venta:
lámina de "Maite Vázquez"
de agasallo co número 4



Editorial

Guillermo Rodríguez. Director



Daqui, dali e dacolá

Pensaba facer unhas reflexións sobre o pasado 25 de xullo, pero decateime que xa levamos varios artigos falando do tema. Por outra banda, se non temos en conta a presenza real en Santiago e os seus comilitóns, o resto repítese ano tras ano; sempre transcorre seguindo un guión preestablecido: miles de galegos/as facendo reclamacións ao Poder Central do Estado. A presenza de políticos cataláns e vascos que reman na mesma dirección non deixa de ser unha repetición do que vén ocorrendo en anos anteriores.

A Galicia ou a salvamos nós ou ninguén vai perder o sono por nós. Como di o refrán, “amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale”; aquí cada quen defende a súa propia vaquiña. Miren senón o comportamento dos vascos na recente reunión de Representantes Autonómicos en Salamanca. Os cataláns nen sequera se presentaron; outros, os vascos, estiveron porque horas antes negociaron máis Poder para o seu País. Galicia non estaba como debera estar. Era unha máis entre todas as restantes. Por iso digo que namentres nos sexamos quen de aglutinar nunha soa opción política forte, representativa da Terra toda a nosa forza como País, namentres non esteamos representados todos os que nos sentimos aldraxados polo trato recibido do Poder estatal pouco temos que facer. Manter o facho aceso está moi ben pero é insuficiente. A volta de Santiago cada quen volta ao seu. Nen sequera todos os que alí se congregaron senten as mesmas siglas, os mesmos principios políticos, a mesma determinación. Para os que levamos máis de medio século co facho ardendo sen poder apagalo, xa estamos un chisco cansos de tanta parafernalia e pouca decisión de ir todos a por todas. Non me vale que uns sexan máis vermellos ca outros se todos senten no seu corazón á Galicia dos nosos devanceiros; a Galiza que segue morrendo pouco a pouco acompañada polo abandono do rural, pola fuxida cara adiante dos seus fillos mellor preparados porque non somos quen de darlles satisfacción ás súas inxedanzas profesionais e laborais.

Por iso, e por moitas máis cousas que sería longo de explicar, pensei que sería máis produtivo, aínda que sexa a longo prazo (eu xa non teño présa) convidalos hoxe a emularme ao ritmo que cada un de vostedes prefira. Refirome a como somos receptores da información contaminada que todos recibimos.

Xa deixei escrito nestes mesmos xornais máis dunha vez, que os medios de comunicación son, en xeral, tóxicos. Non podo afirmar que ningún se salve porque non sería xusto, pero si afirmar que o 90 e tantos por cento traballan “pro domo sua”

(para os seus propietarios). Propietarios que teñen uns intereses concretos que non coinciden coa maioría dos cidadáns. No caso do nacionalismo galego apenas o teñen en conta se non é para desacreditalo, aldraxalo, menosprezalo. Confundirnos cunha historia contada ad hoc; unha historia que non é a nosa pero que non somos quen de enfrontala porque non temos ca-



pacidade de información correcta. Apenas unhas cantas publicacións de curta tirada e moi definidas, polo tanto carentes dunha capacidade suficiente para contrarrestar esa choiva miudiña, esa mormaceira constante que día a día, dende os poderes económicos e políticos alleos, nos enchoupa sen que poidamos secarnos e saír enxoiros e fortes desta presión mediática global. Xa dende a escola vén pasando o mesmo. O mesmo discurso que se pasa de xeración en xeración; non dispoñemos de medios suficientes para ofertar aos galegos e galegas de toda condición a verdade da historia e dos feitos que a conforman, con honestidade. Unha información veraz, honesta, historicamente contrastada.

Obviamente non teño capacidade para explicarlles a todos vdes. como deberían informarse nestes momentos tan difíciles politicamente e tan perigosos dende o punto de vista informativo. Só podo repetir o que durante case 30 anos fixen nos meus tempos de docente. Nada de adoutrinamento (seguro que a alguén se lle acendeu esa lanterna tan de moda); falo de mostrar unha realidade agochada baixo o manto do Poder Central de sempre. Non da agora, non. Isto vén do lonxe e segue sen que poidamos detelo.

Non resulta complicado, só hai que dispoñer dunha ferramenta, dunha predisposición determinada: estar dispostos a descubrir como nos menten, como terxiversan as cousas, como pretenden facernos ver que a cor branca pode ser negra, etc.

Sobre a corrupción do PP durante os últimos 20 ou 30 anos (que entra e sae dos xulgados); sobre como se forxou e foi derrubada a 2ª República; sobre que apoios tivo o golpe de estado dirixido por Franco; que apoios tivo; onde están nestes momentos os industriais que lle deron cober-

tura económica e estratéxica; de onde saíron as empresas que conforman o IBEX 35; como se forxou a inmensa riqueza que Franco deixou aos seus descendentes co pequeno soldo oficial que tiña como Xefe de Estado; que cesións, non voluntarias, fixeron as forzas políticas no momento da Transición; que fortuna amasou o Rei Emérito ao que ninguén se atreve a xulgar de verdade; en fin, tantos e tantos temas de actualidade aos que non podemos asomarnos cun mínimo de rigor porque están amparados por unha especie de “cosa nostra informativa” que trata de facernos crer que aquí non pasou nin pasa nada; que debemos ser obedientes porque podemos acordar o león dormido que segue dispoñendo dunha potentes gadoupas.

Está claro que, para coñecer a fondo todos estes e moitos outros temas da mesma natureza, non nos van servir os medios de comunicación que atopamos nas cafeterías nin os programas de televisión que invaden as pantallas dos nosos televisores. Aí só podemos acceder á versión oficial; se acaso a unha versión que pretende ser máis atrevida pero que non vai pasar de facerlle cóxegas ao león, precisamente.

Que facer, entón? Pois mercar libros de autores pouco dubidosos de estar no complot oficial; acudir a revistas especializadas (que existen, aínda que sexan caras); ler xornais dixitais dos que os subscritores sexan os propietarios, aos que ninguén pode dar ordes por teléfono, (eu son accionista duns cantos; nalgúns xa chegamos a máis de 100 mil subscritores). Aí ningún poder mediático mete baza. Lembren que recentemente desapareceu das pantallas un programa de apenas de meses de vida porque se metía en profundidades non oficiais (Las cosas claras).

Das redes sociais xa nin lles falo porque son coma un patio de colexio; uns disparan contra os outros por ver quen acada máis twits, ou como se diga. Parece que aquel ao que seguen máis twiteros pasa a ser o oráculo de Delfos. Obviamente iso non é así. Isto pasa en todos. Aquí e na China como se dicía antes para falar do mundo mundial. Pero aínda poden facer outro exercicio máis sinxelo. Comprobar como un mesmo feito que non admite discusión é presentado segundo por que xornal. Por exemplo, para non ir máis lonxe. Días pasados en Salamanca celebrouse unha reunión dos Presidentes Autonómicos co Presidente do goberno (ben, tamén andaba por alí un rei para saír na foto). Nesa reunión déronse datos concretos, non opinións. Ben, pois aos políticos que non poden asinar no BOE saíron en tromba para asegurar que todo era mentira. Non habería que esperar un chisco máis para comprobalo? Que dixeron os xornais pesebristas? Pois repetiron coma un eco o que lle ordenaron dende o Poder económico, dende o poder empresarial, tentando argumentar esas suptas mentiras. Algúns xa se despacharon

con: “Yo ya no quiero saber lo que ha dicho el Presidente porque siempre miente”. E xa está. Agora escoitemos a este político para que nos argumente onde está a mentira. Poderá facelo? Non importa. El xa soltou a mensaxe envelenada que pretendía inocular no maxín dos cidadáns. Tristemente hai moitos que o cren. En xornalismo existe un dito: “que unha verdade non me estrague un bo titular”. Iso é o que practican montón de xornais.

Claro que vdes. teñen que ter unha especial predisposición a ser informados con certas garantías. De non ser así, se están instalados nun determinado ambiente informativo do que se resisten a saír pouco podemos facer. É preciso ter fame da verdade. É preciso estar disposto a ser unha persoa ben informada, que non lle dean gato por lebre. Pero todos, os de esquerda e os de dereitas. Aquí, non valen cores; aquí só vale que sexamos informados con honestidade, logo xa nós decidiremos que facer. Se iso non nos importa, se estamos contentos e satisfeitos con ser coma papagaios repetindo o que “di todo o mundo” (pero cal mundo?). Que intereses está detrás dese “mundo”? Aí está a nai do año.

Non quero cansalos nin aburilos. Reflictan sobre a necesidade de estar informados do que nos rodea cun mínimo de rigor. Non se deixen levar pola riada de comentarios, opinións que non se molestaron en coñecer a verdade do ocorrido. Unha sociedade desinformada, mellor, mal informada é unha sociedade vítima de calquera “loco político” que saia a praza deste circo no que estamos instalados. Sexan rigorosos coa información que lles chega, veña de onde veña. Comproben, pregunten, teñan sempre esa chispa de...será verdade? Vou preguntar a outra xente que opina deste feito. A ver en que coincidimos ou non.

Só así poderán manter unha conversa seria, importante, ilustrativa coas súas amizades. Cando se xuntan varias persoas a comentar calquera tema da actualidade e nelas non hai discordancia mal vamos. O mundo non é unívoco; non ten unha soa cara; é poliédrico; presenta moitas vertentes todos elas respectuosas cando están fundamentadas no rigor, na honestidade. Poden estar confundidas pero dispostas a cambiar, a modificar o seu discurso se alguén con argumentos lles fai ver outra verdade, a outra cara da mesma moeda. Pero o que non podemos, non debemos tolerar é que sempre os mesmos nos digan que debemos facer, onde está a verdade (a súa verdade).

Esta sociedade, na que actualmente vivimos, non pode rematar ben. Acabará producindo enfrontamentos que ninguén quere alimentar.

Lean, lean moito e variado e sexan felices.

Por Moncho Mariño

Pedro Puy Fraga, portavoz parlamentario do PPdeG

“O PP adáptase ás realidades de cada territorio recollendo o sentir das persoas que viven nel”

Pedro Puy fala con Novas do Eixo Atlántico sobre algunhas cuestións como a maioría absoluta obtida hai algo máis dun ano. Tanto el como o seu partido non ven as maiorías absolutas como un “obstáculo democrático” senón a constatación do sentir maioritario dun país. Por outra banda, lembra que a Xunta ten competencias en industria mais ao final a última palabra tena o Goberno central que é quen decide a ordenación económica de todo o Estado.

tación do sentir maioritario dun país. Por outra banda, lembra que a Xunta ten competencias en industria mais ao final a última palabra tena o Goberno central que é quen decide a ordenación económica de todo o Estado.

-Cal é o secreto detrás de todas as maiorías aboslutas de Alberto Núñez Feijóo?

O secreto é que o PPdeG, Alberto Núñez Feijóo e o programa que presentamos se adapta máis á forma de entender o país que ten a maioría da poboación. A isto hai que unirle tamén un bo labor de xestión con diálogo e con racionalidade se o comparamos con outros territorios.

-Desde o último congreso do PPdeG, celebrado entre os días 16 e 17 de xullo, quixeron enviarlle algunha mensaxe ao resto da militancia do PP en España?

O PP igual que o resto de partidos con presenza no resto de España funciona con autonomía das diferentes organizacións territoriais. Hai uns obxectivos comúns que nos unen como Partido Popular europeo, español e galego que nos fan compartir unha visión do mundo, a ideoloxía e a política. Por outra parte, hai que adaptarse ás circunstancias de cada territorio

e iso é o habitual no PP, cousa que levamos facendo desde os tempos de Fernández Albor, porque a realidade galega en varios sentidos é distinta ao conxunto das CCAA, porque unha comunidade atlántica ten unhas características que non son as mesmas nunha comunidade mediterránea. Por tanto, o PP dentro dos principios xerais que nos une, acaba adaptándose ás necesidades de cada territorio recollendo o sentir da maioría das persoas residentes, todo isto define en boa medida o éxito dunha organización territorial.

-Cre que España perde un bo presidente do goberno con Alberto Núñez Feijóo?

Creo que Galicia está gañando un bo presidente con Alberto Núñez Feijóo. O importante para España é que haxa un bo presidente unha vez que Núñez Feijóo non opta a esa maxistratura.

-A xestión da COVID en Galicia foi un acelerador da última maioría absoluta do PPdeG?

Cando nos vemos afectados por unha gran crise como é esta crise sanitaria pódense seguir dous camiños. Facer as cousas ben ou relativamente ben ou que se fagan mal ou rematadamente mal. No caso da pandemia cunhas eleccións sobre a mesa, a maneira de xestionar esa crise pode contribuír a reforzar a maioría, isto significa que as cousas se fixeron ben. Noutros países, por exemplo EE.UU, comezaron cambios de goberno precisamente porque a poboación entendeu que ante unha situación tan grave como a COVID as cousas non se fixeran ben. A presenza desta pandemia centra todas as miradas sobre a xestión arredor da mesma, cousa que te pode afundir ou reforzar. Temos dous exemplos, un en Galicia onde o feito de se reforzase a maioría, despois da etapa de xestión máis difícil da COVID con todo o descoñecemento que había nos primeiros momentos, o feito dunha maioría absoluta significa que as cousas se fixeron



razonablemente ben.

-Nacionalistas e socialistas acusan á maioría abosluta do PPdeG como un medio para “impoñer” as iniciativas do Goberno galego. Vostede considera que as maiorías aboslutas son un obstáculo democrático?

Non, en absoluto, porque primeiro son o resultado de dous puntos. Un, da vontade popular, segundo, da inestabilidade, porque cando vemos como funcionan as coalicións, con bloqueos dentro do goberno sobre algunhas decisións, cousa que non né nada positiva e mesmo nun momento como o da pandemia. Logo hai un terceiro punto sobre as maiorías absolutas como a que temos, ese punto é saber exercelas con xenerosidade. Creo que é un tópico, por iso non calla na poboación, que a maioría do PP en Galicia é unha correa de transmisión. No Parlamento hai moito diálogo, recóllense moitas opinións da oposición e hai moito grao de consenso nas medidas aprobadas do que se adoita a recoñecer desde a mesma oposición. No último pleno aprobamos por unanimidade dúas leis de igualdade e contra a violencia de xénero, tivemos proposicións non de lei presentadas pola oposición que saíron por unanimidade como o estado de Alcoa. Outro exemplo é que dentro da Comisión de Reactivación o BNG só se opuxo ao 25% das medidas que hai no ditame. O PSdeG optou pola abstención en todas as medidas adoptadas de maneira separada, aínda que ao final votou en contra do

ditame, cousa que non me parece congruente. Por tanto, a maioría dialoga e acolle propostas razoables da oposición e que encaixen no interese xeral. A maioría demostra que é bo a estabilidade política sen necesidade de conflitos internos no goberno como estamos a ver no Goberno central. Por tanto, é falso que a maioría absoluta sexa un rolo que impida o diálogo.

-Sobre Alcoa, desde o posicionamento do Grupo Parlamentario Popular cales son as principais eivas que están vendo para encontrar unha saída?

Hai que aclarar que a Xunta non ten todas as competencias en industria pois o Estado resérvase varias no ámbito industrial que inciden en Galicia. Todo isto apunta a unha competencia exclusiva do Estado a cal é a ordenación xeral da política económica do país. O problema de Alcoa nace a partir dos prezos da enerxía, competencia exclusiva do Estado. Nese punto a Xunta pode intentar convencer ao Goberno central que hai unha desigualdade nos prezos da industria electrointensiva, isto fai que as multinacionais decidan instalarse alí onde os prezos sexan máis competitivos. Outro punto pode ser a intervención que só pode facer o Estado polo ben do interese público para non perdermos a única planta de aluminio primario de España e que consideramos necesaria a súa continuidade. Por tanto, pode facerse unha venda directa ou ben unha venda ponte a través da SEPI.

 **MIRANDA**
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriainmiranda.gal

Galicia

Redacción A CORUÑA

O Concello aplaude a iniciativa dos empresarios de Agrela por contribuíren a unha mobilidade “verde”

O concelleiro de Innovación, Industria e Emprego, Jesús Celemín, asistiu á presentación da primeira edición da Feira do Automóvil en Agrela, na que participaron dez concesionarios con sede no polígono. O edil destacou que a iniciativa axudará a conseguir unha mellora medioambiental xa que “ninguén pasa xa por alto que os turismos híbridos e máis os eléctricos son o futuro e a feira contribuirá a que a cidadanía realice ese cambio tan necesario e que logremos unha mobilidade ‘verde’, que non contamine”. Celemín destacou a



celebración desta cita nun momento tan necesario xa que o do automóbil foi un dos sectores máis danados pola pandemia, “e

a máxima do goberno de Inés Rey é traballar precisamente por reactivar aqueles que saíron máis prexudicados deste parón”.

Libro catálogo dos 50 anos do Pazo dos Deportes

A concelleira de Deportes, Mónica Martínez, presentou o libro catálogo sobre a exposición fotográfica con motivo do 50 aniversario do Pazo dos Deportes en Riazor, en que a veciñanza pode percorrer visualmente na parte exterior do edificio os acontecementos máis importantes que tiveron lugar en todo este tempo. A publicación “Medio século do Palacio dos Deportes. Unha historia visual 1970-2020” recolle todas esas



imaxes xunto ás historias que as acompañan grazas a un labor de investigación realizado por Lois Novo, Nonito Pereira Junior e Rubén Ventureira, que tamén foi o comisario da mostra.

Os distintos titulares do catálogo reflicten a variedade desta icona, unha historia deportiva desde Martinazzo a Petrovic, pasando por Moyá e Tarrés e 20 anos de moi boa música.

Adxudicada por máis dun millón de euros a rehabilitación dos campos da Torre – Arsenio Iglesias

Alcaldesa da cidade, Inés Rey, anunciou tras a realización da Xunta de Goberno Local, a adxudicación das obras de rehabilitación dos campos da Torre – Arsenio Iglesias por máis dun millón de euros. “Trátase dun paso máis na nosa aposta por fomentar o deporte base da cidade e dotar de boas instalacións á práctica das distintas especialidades”, sinalou a rexedora. As obras de mellora, cun prazo de execución de catro meses que poderían reducirse, consistirán no cambio

do céspede a un de última xeración, a modificación do sistema da rega automática e a renovación dos vestiarios. Os campos de fútbol da Torre, dixo, son un dos epicentros deportivos da cidade e por iso necesitamos que a infraestrutura fiquese adaptada ás necesidades das persoas usuarias. “Por estes campos pasan cada mes 18.400 persoas o que dá idea da importancia de rehabilitalos e poñelos nas mellores condicións”, indicou Rey.

A alcaldesa destacou que os

asuntos aprobados na Xunta de Goberno Local “son un impulso para resolver vellas demandas veciñais como o saneamento do barrio da Zapateira, no que levamos investidos máis dun millón de euros, ou o arranxo dunha parcela do Castrillón que leva paralizada máis dunha década”. Aprobado o calendario de festivos locais de 2022 en que se fixa o martes de Entroido, e mais o día da patroa da cidade, a virxe do Rosario, despois de que a Xunta de Galicia decretase San Xoán como día festivo.

O Concello reforza o seu compromiso coa seguridade cidadá promocionando a 12 policía locais



O Concello da Coruña reforza o seu compromiso coa seguridade cidadá ao promocionar a doce axentes de Policía Local no seu cadro de persoal. A alcaldesa da cidade, Inés Rey, felicitou as e os novos oficiais da Policía Local e agarda que continúen a ser “unha extensión do propio Concello” para “seguir defendendo as ordenanzas municipais, velar pola seguridade da veciñanza e garantir o

servizo público”. As e os novos oficiais foron recibidos no pazo municipal de María Pita pola rexedora, o concelleiro de Seguridade Cidadá, Juan Ignacio Borrego; o concelleiro de Facenda e Réxime Interior, José Manuel Lage Tuñas; e o responsable da Área de Seguridade Cidadá, Carlos García Touriñán. No que vai de ano, ademais destes ascensos, tamén promocionaron 3 oficiais da Policía Local a inspectores.

Inaugurada “Fotógrafos da Natureza 2021” en A Coruña



O concelleiro de Educación, Jesús Celemín, inaugurou no Aquarium xunto ao director dos Museos Científicos, Marcos Pérez, a exposición “Fotógrafos da Natureza 2021”, que contén as fotografías galardoadas na última edición do concurso GDT European Wildlife Photographer of the Year. Celemín sinalou que nesta edición se presentaron máis de 19.000 imaxes de autoras/es de 38 países europeos dunha altísima calidade que vai en consonancia coa intención do Goberno de Inés Rey de reforzar o atractivo e a presenza dos Museos Científicos na cidade. Este concurso, que promove a Asociación Alemá de Fotógrafos da Natureza desde o 2000, ten como obxectivo mostrar

o extraordinario nivel da fotografía da natureza tanto profesional como afeccionada en Europa, pero tamén pretende promover o coñecemento e conservación do medio natural.

Marcos Pérez, asegurou que estas fotografías cobren dous aspectos importantes da educación científica: a posibilidade de apreciar a beleza dos espazos naturais, animais e paisaxes e o carácter de denuncia: “Trátase dun premio sensible ante situacións en que as persoas non estamos á altura das circunstancias”.

O vencedor absoluto deste ano foi Jasper Doest, dos Países Baixos, cunha instantánea dun “macaco xaponés” actuando nunha taberna.

Por Moncho Mariño

Ana Pontón, portavoz nacional do BNG

“O conselleiro de Sanidade da Xunta é Feijóo cunha folla de ruta para desmantelar e privatizar”

A portavoz nacional do BNG, Ana Pontón, considera que o PP galego segue unhas políticas ligadas á submisión dos ditados que saen da presidencia estatal dirixida por Pablo Casado. Denuncia a venda ás multinacionais do fu-

turo sobre os fondos europeos que cheguen a Galicia. Por outra parte, considera que a política enerxética que se está materializando é unha nova maneira de expoliar os recursos naturais sen recibir ningún retorno.



-Cales son as conclusións ás que chegou sobre a situación do SERGAS despois dun ano de COVID?

É evidente que esta pandemia deixou ver varias deficiencias. A primeira foi a dun goberno galego indo por detrás do virus, á parte que utilizou esta crise sanitaria dunha maneira moi partidista moi evidente, por último, non está sacando as lecturas evidentes desta situación. Un exemplo é que as debilidades estruturais do sistema sanitario afloraron e o mellor exemplo pode ser que temos unhas listas de espera cada vez máis longas, non só en especialidades senón en Atención Primaria con casos de dúas semanas para ser atendidos polo teu médico de cabeceira. Isto era un problema que estaba aí, podíamos ver que dentro o ámbito da sanidade había unha oposición interna e social moi forte ás políticas que aplica o PP. É perverso utilizar a pandemia para darlle outra volta aos recortes dentro da sanidade e iso está acontecendo en Atención Primaria cando se impide o básico, chamar para ter unha cita e ser atendido polo teu médico inmediatamente.

-A pandemia e as eleccións deron pé a un cambio na Consellería de Sanidade, Almuíña por Comesaña. Se as cousas non van como quería Feijóo, cambiaría de novo ao conselleiro?

Se algo fallase, Feijóo non cambiaría aos conselleiros, cambiaría as políticas que se fan. Creo que o conselleiro de Sanidade da Xunta é Feijóo, el é quen toma as decisións máis importantes en materia de sanidade e a súa folla de ruta é moi clara, desmantelar e privatizar.

-Toda esa privatización iría ao

noso peto. Realmente permitiríase realizar esa privatización?

Non só vai aos nosos petos como cidadáns senón tamén a costa da nosa saúde, porque se está vendo que as privatizacións empeoran a calidade de vida da xente. Agora mesmo temos unha privatización encuberta porque dificultar o acceso á Atención Primaria fai que as persoas con recursos acudan a servizos médicos privados, por tanto están incidindo cada vez máis no desmantelamento da sanidade pública e na xoia da coroa que é a Atención Primaria. Tamén unha pregunta do millón sería que acontece no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, porque ante un problema estrutural non se abre unha investigación e que o custe das obras de reparación da cociña deba asumilo quen fixo mal esa obra.

-A maioría absoluta do PP é o escudo para a privatización da sanidade?

A folla de ruta do PP comezou hai moitos anos. Durante estes últimos anos Feijóo demostrou que é un fiel executor das políticas máis agresivas da dereita. Podémoslo ver na privatización e recortes de sanidade, cando quixo impoñer o pin parental lingüístico, cando unha das primeiras leis que aproba é a que permite crear unha rede de asociacións antiabortistas ou tamén podemos velo agora co boom eólico co que se quere poñer os recursos naturais de Galicia ao servizo do lobby eléctrico. Insisto que isto retrata a Feijóo como parte da ala máis radical do PP. Outro exemplo é Ayuso, en Madrid, cando a progresía botaba as mans á cabeza por querer controlar TeleMadrid, e nós levamos tres anos aquí cos xornalistas da CRTVG pro-

testando cos venres negros fronte ao control e manipulación da televisión. Vímolos cando cesaron a xornalistas que eran críticos coa situación interna dos medios públicos galegos.

-Sobre industria, de quen cre que é a responsabilidade do bloqueo para vender a factoría de Alcoa?

Aquí hai unha responsabilidade primeira, a da empresa. Alcoa tomou a decisión de pechar a factoría de San Cibrao. A partir de aí hai un xogo cómplice entre Xunta e Goberno central coa empresa que pode levarnos a un desastre na comarca da Mariña. Temos un exemplo na venda da factoría da Coruña que acabou nunha fraude. Temo que cos pasos dados nos últimos tempos a complicidade de Xunta e Goberno central vai acabar desembocando nun futuro incerto sobre dous mil postos de traballo, sobre a produción de aluminio primario e que uns e outros teñen os voletos para ser responsables dunha crise industrial de amplo espectro.

-Ligado a isto tamén están os peches das térmicas, o prezo da enerxía e a instalación de parques eólicos. Isto último é a solución?

Hai dúas cuestións diferentes. Hai un problema co prezo da enerxía e ademais hai unha discriminación máis grave no caso de Galicia, pois somos grandes produtores e deberíamos ter dereito a un prezo máis baixo da enerxía, primeiro para compensar custos sociais e ambientais e segundo, porque é máis barato subministrar enerxía xusto ao pé de onde se produce que a 600 quilómetros. A realidade é que detrás da decisión de Alcoa non está o

mercado nin a regulación eléctrica, que é un marco do PP que o PSOE mantén intacto. Detrás da decisión de Alcoa hai unha decisión empresarial, tamén me parece ben acoutar os termos. Onde está o problema? Que nin a Xunta nin o Goberno central deron os pasos decididos para garantir unha intervención pública nunha industria que é estratéxica para este país. **-Por que os eólicos supoñen un expolio?**

É unha perversión usar unha enerxía limpa como a eólica para unha política enerxética depredadora. Aquí queren vir inzar o país de eólicos sen respectar zonas con valor ambiental, sen respectar as persoas que viven no rural e sen termos un retorno económico. Temos a maior densidade de parques eólicos de toda Europa. A descarbonización hai que facelo de maneira sustentable e cun modelo enerxético que non sirva só aos intereses do gran lobby eléctrico.

-Outro sector é o naval, como é o caso de Navantia.

O futuro é que en Ferrol se siga cortando chapa e apostar pola innovación. Nós dicimos que se debe instalar un complexo naval integral na ría de Ferrol que aposte pola construción naval civil. O valor engadido está na tecnoloxía que leva o barco e aí debemos facer unha aposta decidida como país. Temos xente preparada e o necesario é que Goberno e Xunta se poñan de acordo para levar adiante isto, non que leven carga de traballo para fóra de Galicia. Eu son solidaria con todos e todas as traballadoras, o que non podo calar é cando lle

quitan o pan a Galicia. Todo isto retrata a submisión do señor Feijóo a nivel de Estado, primeiro con Rajoy e agora con Casado. A Feijóo impórtalle ben pouco o que pasa neste país.

-Cal é o gran temor do BNG cando cheguen os fondos europeos?

Que non cheguen. Hai dúas cuestións preocupantes realmente. Unha, que vai ser o Goberno central quen decida o destino dos fondos e a experiencia di que cando Madrid decide, Galicia perde. Outro é a opacidade do parlamento de Galicia cales son os proxectos que ten candidato o Goberno galego para estes fondos. Só sabemos que se crea unha mesa na que participan, Abanca, Naturgy e Endesa, é dicir, Feijóo entrega a multinacionais a decisión máis importante de Galicia. Eses fondos tiñan que servir para reforzar a sanidade, as PEMES e mellorar a calidade de vida. A actitude de Feijóo é dobremente suicida, é submisión aos intereses de Madrid e aos intereses das multinacionais. O fundamental é que haxa transparencia e que os gobernos decidan sobre un plan global e consensuado.

-Como explica a maioría absoluta de Feijóo durante a pandemia e cos recortes en sanidade?

Cando os galegos votan, toman unha decisión e nós temos que traballar de cara ao futuro, coa confianza de que somos a alternativa ao PP. Eu vexo nervioso ao PP e ao mesmo Feijóo co BNG, pois é rechamante que nun ano de pandemia se lance a ser oposición da oposición. Está nervioso porque temos un plan de país e con capacidade de presentar unha alternativa de país.



diseño: Héctor Francesch

Máis información:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

PROGRAMACIÓN



AGOSTO 2021



DÍA

31 xullo • Sábado

22:00

1 agosto • Domingo

19:00

2 agosto • Luns

22:00

3 agosto • Martes

22:00

19:00

19:00

4 agosto • Mércores

19:00

19:00

5 agosto • Xoves

19:00

19:00

6 agosto • Venres

13:00-19:00

20:00-22:30

7 agosto • Sábado

13:00-19:00

13:00-20:00-22:30

20:00-22:30

8 agosto • Domingo

13:00

13:00 - 20:00 - 22:30

20:00 - 22:30

20:00 - 22:30

9 agosto • Luns

20:00 - 22:00

20:00 - 22:00

10 agosto • Martes

20:00 - 22:00

20:00 - 22:00

11 agosto • Mércores

20:00 - 22:00

20:00 - 22:00

12 agosto • Xoves

12:00 - 17:00 - 18:00 - 20:00

13 agosto • Venres

12:00 - 17:00

20:00

22:00

Concerto: Andrés Suárez
María Pita

Concerto Familia: Festival Rock en Familia
(Queen, ACDC, MJ)
María Pita

Concerto: Miguel Ríos & The Black Betty Trio
María Pita

Concerto: Miriam Rodríguez
María Pita
Cascarillarte: Cía Su.Ma "ikigai"
Parque Santa Margarida
Cascarillarte: Pablo Díaz e banda
Parque Europa

Cascarillarte: Pedras de cartón
Parque Santa Margarida
Cascarillarte: Pesdelán
Parque Europa

Cascarillarte: Cía N+1 "cuacac"
Parque Santa Margarida
Cascarillarte: Gramola Geminola
Parque Europa

FESTIVAL NOROESTE: Mad Martin Trio + Sound Sisters
Campo da Leña

FESTIVAL NOROESTE:
Los Zigarros + Triángulo Amor Bizarro
María Pita

FESTIVAL NOROESTE:
Combo Paradise + Rulo y la Contrabanda
Parque Santa Margarida
FESTIVAL NOROESTE: Bastards on parade + Bala
Parque Europa

FESTIVAL NOROESTE: Ataque Escampe + Chasis
Campo da Leña

FESTIVAL NOROESTE:
Alice Wonder + Javiere Mena + CimaFunk
María Pita

FESTIVAL NOROESTE: Zahara + Lina_Raul Refree
Parque Santa Margarida
FESTIVAL NOROESTE: DL Blando + Petazeta
Parque Europa

FESTIVAL NOROESTE: Bush Doctors
Campo da Leña

FESTIVAL NOROESTE: Soul Jacket + Mujeres + Marlango
María Pita

FESTIVAL NOROESTE: Baluca + MorganeJI
Parque Santa Margarida

FESTIVAL NOROESTE: Victor Coyote + Tito Ramirez
Parque Santa Margarida

ESTREAS GALEGAS: Nastasia Zürcher + Moura e a Irmandade Ártabra
Parque Santa Margarida

JAZZ: Iago Mourino trio + High society jazz band
Parque Europa

ESTREAS GALEGAS: Carolina Rubirosa + Budiño
Parque Santa Margarida

FOLK: Zeltia Irevire + Quinta San Vitorio
Parque Europa

ESTREAS GALEGAS: David el Cuerdas + Malc
Parque Santa Margarida

JAZZ: Marina Gundin + Alfonso Calvo septet
Parque Europa

Festival Manicómicos
Parque Santa Margarida

Festival Manicómicos
Parque Santa Margarida
Festival Folclórico Internacional
Parque Europa
Dani Polo presenta: Volta á Ilusión
María Pita

14 agosto • Sábado

12:00 - 17:00

20:00

22:00

15 agosto • Domingo

12:00 - 18:00

20:00

21:00

16 agosto • Luns

22:00

17 agosto • Martes

19:30

18 agosto • Mércores

19:30

19:30

22:00

19 agosto • Xoves

19:30

22:00

20 agosto • Venres

18:00 - 22:00

19:30

22:00

21 agosto • Sábado

11:30 - 22:00

19:30

22:00

22 agosto • Domingo

11:30 - 21:00

12:00

19:30

Festival Manicómicos
Parque Santa Margarida
Festival Folclórico Internacional
Parque Europa
Fangoria
María Pita

Festival Manicómicos
Parque Santa Margarida
Festival Folclórico Internacional
Parque Europa
Cine + Karaoke: Mamma Mía
María Pita

Carlos Núñez
María Pita

XXXVI Certame de Habaneras Cidade de A Coruña
Parque Europa

XXXVI Certame de Habaneras Cidade de A Coruña
Parque Europa
FEC Festival de Electrónica Coruñes: MURCOF & SERGI PALAU (Av Live), DJ ELEKTROJENA (Dj Set), LEFRENK (live), VJ THE END
Parque Santa Margarida
Semana Clásica: Orquesta de Cámara Galega
María Pita

XXXVI Certame de Habaneras Cidade de A Coruña
Parque Europa
Semana Clásica: James Rhodes
María Pita

Romaría de Sta. Margarida:
3 Pesos, Os d'Abaixo, Josel Padín, Tiruleque,
Xurxo Fernandes, Lellia
Parque Santa Margarida
XXXVI Certame de Habaneras Cidade de A Coruña
Parque Europa
Semana Clásica: Orquesta Gaos
María Pita

Romaría de Sta. Margarida
Parque Santa Margarida
XXXVI Certame de Habaneras Cidade de A Coruña
Parque Europa
Semana Clásica: Xoven Orquesta OSG con programa música de cine
María Pita

Romaría de Sta. Margarida
Parque Santa Margarida
Semana Clásica: Abraham Cupello e a BMC presentan: Pangea
María Pita
XXXVI Certame de Habaneras Cidade de A Coruña
Parque Europa



Gonzalo Caballero, secretario xeral do PSdeG

“Galicia precisa dun novo estatuto, un novo plan eólico e rebaixas na AP-9”

O secretario xeral do PSdeG lembrou as “lagoas” que o Tribunal Constitucional apreciou “no texto da lei de saúde, que mantén suspendida en certos puntos”. Sobre isto, Caballero remarcou que “Feijóo, que se di tan constitucionalista, tivo que ser freado. Que rectifique”.

Gonzalo Caballero non pode ocultar a súa satisfacción. A “rebaixa substancial” das peaxes na autoestrada AP-9 suporá un “cambio transcendental” para a economía de usuarios e usuarias. A apro-

bación por parte do Goberno central da baixa nos custes de circulación pola vía que une Norte e Sur de Galicia, é para o de Ponteareas un compromiso cumprido polo PSOE.

Desta maneira, o líder dos socialistas galegos resalta que a rebaixa “vaí mudar as posibilidades da cidadanía galega” de cara á mellora da mobilidade. “A partir de hoxe moverse a través do eixo atlántico da AP-9 vai ser moito máis económico” sinala Caballero, quen calcula “2.300 millóns de euros de aforro até o ano 2048”.

Un novo Estatuto

Por outra parte, o dirixente socialista cre que é o momento de darlle un novo perfil ao Estatuto de Autonomía. Un texto que recolla os “novos dereitos e liberdades” que non se contemplaban no Estatuto do 81, entre eles a “revolución feminista”, igualdade, servizos públicos ou e a dixitalización.

“Galicia debe asumir o reto de actualizar o seu estatuto”, destaca Caballero, que aposta por afondar no autogoberno, cuestión esta que sinala os doce anos sen recoller novas competencias por parte do goberno Feijóo. De aí que para o secretario xeral do PSdeG sexa necesario traballar na base “dun Estatuto de Autonomía para o século XXI”.

Dita base sería unha carta de cidadanía que comprometeu, garantirá “novos dereitos e liberdades” que non se contemplaban no Estatuto do 81, como o que atinxe á “revolución feminista”, á igualdade, á dixitalización e a sociedade do coñecemento, ou á necesidade de fixar un determinado nivel de servizos públicos para a cidadanía en cada concello.

Trátase, como explicou Gonzalo Caballero, de que o novo Estatuto de Autonomía “conecte” coas novas xeracións de galegos e galegas. “Galicia debe asumir o reto de actualizar o seu estatuto”, como fixeron xa “moitas comunidades”.



“E nós imos traballar, desde un galeguismo integrador e cívico, para ser a ponte cara esa nova etapa”, incidiu.

Lei de saúde

Caballero resaltou tamén o “éxito” da campaña de vacinación contra a covid do Goberno de España fronte á desconfianza de Feijóo e o resto do PP, ou mentres o nacionalismo galego apostaba por incorporar vacinas cubanas, chinas e rusas. Así, requiriu á Xunta que aclare “que pasou” cos 6.000 mozos e mozas que conseguiron acceder a unha dose antes de que se iniciara a súa quenda “de forma sorpresiva”.

Caballero esixiu a Feijóo o “reforzo” da sanidade pública con máis persoal. para aliviar as listas de espera e que non pechen camas de hospital. Todo isto mentres lembraba que o Tribunal Constitucional apreciou “lagoas” no texto da lei de saúde, suspendida en certos puntos. “Feijóo, que se di tan constitucionalista, tivo que ser freado. Que rectifique”

Modelo eólico

Caballero tamén defende a planificación dun novo modelo eólico “equilibrado e sostible” para Galicia,

necesario para “avanzar na transición enerxética e ecolóxica”. Por iso, defendeu que “cómpre que a Xunta dialogue e busque acordos”.

O secretario xeral do PSdeG pide revisar “o modelo de enerxía eólica que se está articulando en Galicia”. “Hai que poñer na neveira aqueles casos nos que se pon en risco o modelo de produción local e tamén nos que non se garante un equilibrio axeitado entre a enerxía, o territorio, a paisaxe e a vida da veciñanza”.

Por iso, anunciou que os deputados socialistas no Parlamento galego “imos seguir traballando para apostar polas renovables pero tamén por un novo modelo que non implique a depredación do territorio e que, ademais, deba pasar polo consenso”.

Nesta liña, Gonzalo Caballero incidiu en que “hai que buscar acordos coas comunidades locais e coa cidadanía que se ve máis afectada para non poñer en risco o seu modo de vida, para non poñer eólicos sen medida ao longo do territorio e, ademais, para facelo de forma que os beneficios que dean poidan chegar aos afectados e as comunidades locais”.

MARTIRENA



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

G. Caballero reprocha a Feijóo a súa “ausencia” na reactivación de Galicia: “Os galegos necesitan solucións”

O líder socialista advirte a Feijóo de que non pode usar a súa maioría para “pechar 600 camas de hospitais e empezar o curso despedindo profesores”

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, levou o pasado 14 de xullo á sesión de control do Parlamento a importancia de que a Xunta tome medidas para impulsar a reactivación de Galicia logo de seis meses “perdidos” á hora de poñer a funcionar a economía e de fortalecer os servizos públicos.

Caballero reprochou a Feijóo a súa “ausencia” na tarefa da reconstrución, ata o punto de que “deu as costas” á comisión da reactivación e “nin tan sequera se dignou a votar onte no pleno o ditame e o uso dos fondos” que tiña consignados.

“Mentres os galegos e as gale-



gas non poden pegar ollo polos problemas e dificultades que atravesan, a Xunta leva seis meses con 115 millóns de euros gardados, sen poñelos a disposición da xente e dos concellos”, incidiu Gonzalo Caballero.

O responsable do PSdeG deu lectura a varios titulares nos que se evidencia o despedimento de profesores, o peche de camas de hospital, a falla de persoal nos servizos públicos ou o incremento das listas de espera no Sergas. “Para atopar unha cita en atención primaria

hai que esperar ás veces ata 15 días. Listas de espera en primaria! O nunca visto!”, sinalou.

Man tendida fronte á unilateralidade do PP

“Os galegos e as galegas necesitan un goberno que reactive o país e vostede leva todo o que vai de ano sen facelo”, sentenciou Gonzalo Caballero, quen volveu tender a man a Feijóo pese á “decepción” de que o PP no fose quen de abandonar a “unilateralidade” para traballar en conxunto pola saída da crise.

Gonzalo Caballero reclama “axudas directas” para o sector das festas de Galicia

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, e a voceira de Comercio do Grupo Socialista, Leticia Gallego, mantiveron unha xuntanza co presidente da asociación de Servizos de Festas de Galicia (SERFEGA) para abordar as inxenuidades do sector.

“É necesario que a Xunta de Galicia se converta en aliado dos sectores máis afectados pola pandemia, que lles dea interlocución, axudas e posibilidades para subsistir e tamén para poder desen-

volver a súa actividade sempre que existan os protocolos necesarios para combater o virus”, urxiu o dirixente socialista.

Caballero sinalou que a Xunta “ten unha inxente cantidade de fondos públicos” grazas a máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios que o goberno de España transferiu aos orzamentos da Xunta de Galicia para abordar as circunstancias derivadas da pandemia.

Ademais, lembrou que o goberno galego dispón de 115 millóns de euros que foron ao fondo

da comisión de reactivación.

O presidente de SERFEGA, José Veiga, censurou a falla de interlocución da Xunta de Galicia cando “non nos escoita” e tampouco “aos galegos que queren festas seguras”.

“Queremos protocolos. Prometéronos, pero non o fan, e non se nos permite traballar cos protocolos do ocio nocturno”, lamentou. “A Xunta ten un protocolo antifestas”. “Vólcanse moito no Xacobeo, pero as festas están en cada recuncho de Galicia”, concluíu.

A proposta do BNG a Comisión Europea investigará a precariedade laboral no Servizo de Axuda no Fogar

Un novo “espaldarazo” á liña de traballo que leva a cabo o BNG en Europa, a Comisión de Peticións da Eurocámara vén de admitir a trámite a denuncia presentada en marzo sobre a precariedade laboral do Servizo de Axuda no Fogar-SAF. Esta é a decisión tomada “xa que o asunto entra dentro dos ámbitos de actuación da Unión Europea”, segundo especifica o documento recibido polo SAF, que asemade anuncia que a Comisión Europea levará a cabo unha investigación preliminar sobre este asunto.

“Na nosa loita contra a precariedade laboral consideramos unha boa nova que o Parlamento Europeo e a Comisión Europea tomen en consideración a de-

nuncia sobre a precariedade laboral que permite o Goberno galego no servizo de atención domiciliar de persoas en situación de dependencia”, subliña Ana Miranda, quen expresa ademais os seus parabéns ás traballadoras e representantes da Plataforma SAF GALIZA, pola loita na defensa da protección da saúde das traballadoras deste sector tan invisibilizado. Precisamente esta situación xa foi denunciada polo BNG nos tres Parlamentos nos que ten representación así como polas traballadoras na Valedora do Pobo. “Queremos que se poña fin ao sistemático incumprimento da normativa europea nas condicións de traballo da atención domiciliar”

O BNG redobra a ofensiva para acadar xustiza, verdade e reparación para as vítimas do Alvia



No octavo aniversario do accidente de Angrois, o BNG volveu acompañar ás vítimas e os seus familiares no percorrido polas rúas de Compostela e na reclamación de xustiza, verdade e reparación. “Desde o primeiro minuto o Bloque estivemos ao carón das vítimas e así seguiremos, buscando todas as canles posibles nas administracións para acadar estes obxectivos de xustiza, verdade e reparacións”, subliñaron as nacionalistas.

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, avanzou que a vindeira semana manterá un encontro co director de Transporte Terrestre da Dirección Xeral de

Mobilidade da Comisión Europea, Kristian Schmidt, co obxectivo de coñecer os avances existentes no procedemento de infracción aberto contra o Estado español en xaneiro de 2019 por incumprimento da normativa comunitaria de seguridade ferroviaria.

O deputado no Congreso Néstor Rego subliñou que o Bloque vén de rexistrar, conxuntamente con ERC e EH Bildu, a solicitude para a creación dunha Comisión de Investigación que esclareza as causas do accidente do Alvia, retomando os traballos da Comisión creada en 2018 na cámara baixa e que viu truncada a súa actividade pola disolución das cortes en abril do ano seguinte.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Galicia

Redacción A CORUÑA

A Deputación concede 45 bolsas de 3.500 euros para deportistas da provincia da Coruña

A Deputación da Coruña, na súa labor de promoción, difusión e apoio ao deporte coruñés, ven de conceder este ano 45 bolsas deportivas de 3.500 euros destinadas a deportistas da provincia que destacan en competicións federadas a nivel rexional, nacional e internacional.

A través desta convocatoria destináronse 157.500 euros, que foron a parar a deportistas de diferentes disciplinas. Concedéronse 8 de atletismo, 3 de bádminton, 1 de ciclismo, 9 de halterofilia, 1 de esgrima, 2 de judo, 2 de karate, 1 de loita olímpica feminina, 3 de natación, 2 de piragüismo, 3 de remo, 1 de remo olímpico, 1 de surf, 3



Cristina Capelán conversa coa campiona mundial Sub-17 de Halterofilia e bolseira da Deputación, Irene Blanco.

de taekwondo, 1 de tiro con arco, 1 de triatlón e pentatlón moderno, 2 de vela e 1 de ximnasia.

A deputada de Deportes, Cristina Capelán, afirmou que “un

dos propósitos da Deputación é estar ao carón dos nosos deportistas para que podan desenvolver todo o seu potencial, ter acceso á mellor preparación e competir ao máis alto nivel”.

A Deputación destina 17.000 euros para continuar apoiando á Fundación Paideia

A Deputación da Coruña e a Fundación Paideia continúan un exercicio máis impulsando o voluntariado social en países europeos mediante un programa dirixido á mocidade desempregada da provincia. O ente provincial apoia un ano máis á entidade a través do financiamento das actividades formativas e informativas do programa.

O presidente provincial, Valentín González Formoso, e Sandra Ortega, presidenta da Fundación Paideia Galicia, rubricaron o con-

venio, a través do que a Deputación da Coruña achegará 17.000 euros, o 70% do custo total da iniciativa.

No 2020 participaron neste voluntariado un total de 169 mozos e mozas coruñeses de entre 18 e 30 anos. Neste exercicio, a iniciativa volverá a achegar a 300 mozos e mozas a oportunidade de saír ao estranxeiro para mellorar as súas competencias persoais e profesionais. Como novidade, farase especial fincapé nas zonas rurais da provincia.

Tres bolseiros do Concello participan en Toquio 2020

Alcaldesa, Inés Rey, explicou que dos 46 deportistas con bolsas concedidas polo consistorio herculino, estarán en Xapón o nadador Jacobo Garrido, o judoka Alberto Gaitero e o boxeador Enmanuel Reyes.

“O ano pasado, no último trimestre decidiuse dobrar o crédito e pasouse dos 60.000 euros iniciais cos que se contaba a primeiros de ano a 122.500 euros,

grazas aos cartos que sobraron das subvencións por mor do aprazamento de moitos eventos deportivos pola pandemia. Das 104 solicitudes, o Concello concede 4 bolsas olímpicas e 2 paralímpicas valoradas en 5.000 euros, 2 bolsas para campionatos do mundo (3.500 euros), 8 para campionatos de Europa (2.500 euros), 19 para campionatos de España (1.500 euros) e 11 para campionatos de Galicia (500 euros).

A área de Cultura da Deputación da Coruña apoia o lanzamento da novela visual interactiva ‘Ti Primeiro’, de Melgo Cinema

O pazo provincial acolleu a presentación da novela visual interactiva ‘Ti Primeiro’, de Melgo Cinema, un proxecto innovador que está apoiado pola área de Cultura da Deputación da Coruña a través da súa liña de subvencións para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural.

A novela terá o seu lanzamento internacional no mes de agosto en formato app para dispositivos móbiles. Está escrita, dirixida e producida por Roberto Alvite, fundador da produtora galega Melgo Cinema, esta aplicación móbil realizada con imaxe real invita ao usuario a vivir unha experiencia inmersiva única mediante unha nova narrativa que explora as relacións de parella actuais e a súa evolución co paso do tempo.

A través da aplicación os usuarios terán a oportunidade de introducirse na intimidade



dunha parella e escoller o camiño dos dous protagonistas. A partir deste verán os tres capítulos, de 60 minutos cada un, que compoñen a experiencia estarán dispoñibles simultaneamente para iOS e Android en seis idiomas: galego, español, inglés, francés, italiano e portugués de Brasil.

Xurxo Couto explicou que “apoiamos esta iniciativa pola

súa singularidade e polo interese social e cultural a través dunha liña de subvencións que, o ano pasado, destinou 260.000 euros a 22 proxectos”.

O creador e director, Roberto Alvite, agradeceu á Deputación “o traballo que está a facer no eido cultural xa que, ademais de vontade para iniciar proxectos, necesítanse recursos”.

“Viñetas desde o Atlántico” celebra a súa 24 edición

Alcaldesa, Inés Rey, presentou xunto co seu director Miguelanxo Prado, a 24 edición do salón Viñetas desde o Atlántico, que incluírá unha completa programación do 9 ao 15 de agosto, e que incluírá a presenza de autoras e autores nacionais como Javier Olivares, Teresa Valero ou Raúl Allén e Patricia Martín. Nesta entrega, a rexedora destacou a importante representación feminina, unha premisa marcada desde os inicios. Subliñou tamén que o conxunto de convidadas/os son referentes nacionais nos distintos xéneros e subxéneros da banda deseñada. Rey remarcou

que “a nosa prioridade é seguir programando cultura” e apoiar as creadoras e creadores como as/os ilustradores do colectivo Coruña Gráfica, “un referente na nosa cidade á hora de lles poñer imaxes a moitos dos eventos que organizamos desde María Pita”. Pola súa banda, Miguelanxo Prado sinalou que nesta edición non asistirán convidadas/os estranxeiras/os porque suporía un risco inasumible pola situación sociosanitaria actual, e tampouco haberá obradoiros infantís xa que “é un sector de Nota de Prensa poboación aínda sen vacinar e son actividades manuais”.

O PP rexeita unha moción do BNG de Cea para fomentar o cultivo de trigo

O grupo municipal do BNG de San Cristovo de Cea, considera que fomentar o cultivo do trigo no concello debería ser unha política lóxica, non só polo valor da produción deste cereal ou pola aportación que poidera supoñer cara á consecución da Denominación de Orixe Protexida, senón porque tamén axudaría a desbrozar amplias zonas, abrir novas pistas e mellorar os camiños existentes, evitar os lumes e incluso mellorar as condicións cinxéticas.

Por estes motivos, María Elvira Fernández e Manuel Pérez Vázquez, concelleiros nacionalistas na corporación municipal, presentaron en sesión plenaria unha moción na que propoñen que "se empecen a dar pasos precisos na xestión destes agros abandonados para utilizalos no cultivo do trigo, dado que o mercado estaría asegurado, e se deixen de buscar falsas excusas que entorpezan tal obxectivo. Isto podería actuar como motor para o



Elvira Fernández, do BNG, na Praza Maior de Cea.

resto dos sectores".

Os nove concelleiros do PP votaron en contra da moción logo de decidir o alcalde que era un galimatías.

Os dous edís nacionalistas pretenden conseguir "que se recuperen os antigos muíños, abrindo os camiños de acceso a eles e desbrozando as leiras que sexa preciso para abrir rutas e camiños cara os ríos, creando unha ruta turística, cultural e etnográfica, explicando o proceso de elaboración do pan, de modo que se poida aproveitar este potencial turístico", explicou Elvira Fernández.

Sosteenen os concelleiros do

BNG que "con isto sería máis doado estimular a emprendedores e hostaleiros para que invistan no concello e poder prestar uns servizos que, a día de hoxe, son insuficientes e que suporían, tanto para Cea como para os demais pobos do concello, uns beneficios importantes".

O BNG está convencido de que "esto é posible, non é una utopía, e que para poder facelo realidade só fai falla un equipo preparado e con gañas".

"Señores do grupo de goberno, póñanse as pilas dunha vez para lograr este reto económico e déixense de cacicadas", rematou dicindo a edil Fernández.

A Xunta licita obras de mellora na Derrasa en Pereiro de Aguiar



Gabriel Alén e Luís Menor.

Gabriel Alén, delegado da Xunta en Ourense, visitou acompañado de Luís Menor, alcalde de Pereiro de Aguiar, o núcleo da Derrasa, para anunciar a licitación das obras de abastecemento, saneamento e recollida de augas pluviais que suporá un investimento de máis de 502.000 euros. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade investirá máis 402.000 euros, un 80% do orzamento, no marco dun convenio de colaboración co Concello, que achegará 100.000 euros, o 20% restante.

Gabriel Alén explicou que o prazo para a presentación de ofertas por parte das empresas

interesadas na execución destes traballos remata o 30 de agosto, e que o proxecto, cun prazo de execución de 4 meses, será financiado no marco do Eixe REACT UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia de COVID-19.

As obras incluírán a disposición de novas canalizacións en ambas as marxes da estrada OU-536. Á altura do punto quilométrico 7+940 está previsto que as redes crucen a estrada autonómica para conectar os colectores das dúas marxes. O destino final da rede de residuais é a depuradora da Derrasa e as pluviais vértense no río Lonia.

Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE

MESÓN TAPERÍA

EL CORRAL

Especialidade cociña galega,
española e mexicana
Empanadillas variadas
Comida para levar

988 24 09 22. 607 236 581
Praza dos Suaves. OURENSE

jba
servicios
inmobiliarios

info@jbainmobiliaria.com
988 10 20 75
www.jbainmobiliaria.com

www.orixepublicidade.es 988 60 70 75

Camisetas Personalizadas
a todo color
desde 1 und.

Francisco de Moure 20, Ourense

ORO Y PLATA

+25 años a su servicio

Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería

988 232 903

O BNG de Cea quiere recuperar cultivos de trigo e acadar a denominación de orixe protexida Pan de Cea

Por Elvira Fernández

Aprendizaxe que nos está a deixar a pandemia do Covid-19 obríganos a desviar a nosa mirada á aldea e ao mundo rural, e a reflexionar sobre un espazo totalmente desagraviado, abandonado e improdutivo.

A grave recesión económica que nos deixa esta crise de orixe vírico, fai que sexa urxente buscar fórmulas de actuación para recuperar un sector primario “á deriva”, buscando a súa optimización, con plantacións de produtos autóctonos e de calidade, hoxe tan valorados para unha alimentación saudable e que estamos mercando de fóra. Ademais, no caso do trigo facilitaría o logro da “Denominación de Orixe Protexida (DOP) para o “Pan de Cea”, que na actualidade só acadou a “Indicación Xeográfica Protexida (IXP)”, precisamente por carecer o Concello de cultivo de trigo autóctono, polo que non cumpre o requisito de que “produción, transformación e elaboración se realicen na mesma zona xeográfica”.

Durante o confinamento, a xente que vive nas cidades deuse conta do valor da aldea para moitas cousas, unha delas é que os que vivimos no rural non padecemos tanto o encerro, nin nos vimos tan obrigados a suspender todas as nosas rutinas.

O valor do agro

A calidade de vida está no rural e o BNG sempre reivindicou e reivindica o valor do agro e a recuperación das aldeas, tanto neste aspecto como pola súa importancia no tecido produtivo galego.

No noso país temos miles de hectáreas, que polo seu abandono, son pasto dos lumes todos os anos, gastando millóns de euros na súa extinción. Cea, que segue despreocupándose por este aspecto, non é unha excepción, senón un claro exemplo. Con estas políticas nefastas non é de estrañar que Galiza sexa o territorio europeo con maior densidade de lumes.

O abandono das leiras está re-

lacionado co despoboamento das aldeas, por iso é preciso que os gobernos municipais empecen a facer verdadeiras políticas para a recuperación do campo.

A caída en picado da poboación do Concello de Cea é alarmante, pasando en poucos anos de máis de 5.000 habitantes aos 2.089 que figuran no censo de 2020, con un crecemento vexetativo negativo neste últimos anos (uns 50 habitantes ano). Boa parte da provincia de Ourense está nestes saldos negativos, pero tamén é certo que poucos núcleos rurais posúen unha ubicación e un potencial económico como que ten este concello. Medio século de gobernos herdados do franquismo pouco fixeron por aproveitalo, reduciuse a poboación a menos da metade e decaeron todos os sectores produtivos. E seguimos na mesma.

Un dos sectores económicos de Cea é o seu pan, con oito séculos de existencia, coñecido en case todo o mundo, e que se non se toman medidas morrerá xunto co Pobo. Non está habendo reposición para @s panadeir@s que se xubilan (nos últimos anos xa pecharon 6 fornos).

Temos centos de hectáreas de agro invadidas pola maleza, nas que non fai moito tempo se sementaban todo tipo de cereais, entre eles o trigo autóctono empregado na elaboración do famoso pan. Existían muíños ó longo dos ríos e regatos: Silvaboa, Barbanño, etc., case todos en mal estado; fornos recen restaurados, algúns deles debido a falla de mantemento xa están sen teito, e outros sen restaurar.

Hoxe mais que nunca poder ser o momento, posto que hai cartos, estamos no Xacobeo e nós temos todo a ermo sen ningunha perspectiva de futuro. Os excedentes que en tempos se vendían aos panadeiros agora xa non existen.

Festa do pan

Cando o BNG propuxera ao Pleno da Corporación a celebración dunha festa do pan, o grupo de goberno non mostrou o máis mí-

nimo interese pola idea, pero pouco tempo despois apropiouse dela e ben que tratou de sacarlle partido, celebrándose a primeira festa do pan de Cea en 1991. Outro tanto pasou coa idea para facer a “ruta dos fornos” pola vila o sábado anterior á festa do pan, que tan boa acollida está tendo.

Co tempo acadouse a Indicación Xeográfica Protexida “Pan de Cea” (Orde do 16 de abril de 2004 da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural), pero segue sen acadarse a Denominación de Orixe Protexida porque non se colleita trigo no concello, polo que non se cumpre o requisito de que “a produción se realice na zona xeográfica”.

A través da prensa temos coñecemento de que outros concellos do entorno se preocuparon de pedir subvencións para sementar trigo autóctono que logo venderían aos panadeiros de Cea. Ata o momento o Concello de Cea non fixo nada neste senso.

Por outra banda, a Unión Europea na Comisión do 16 de decembro de 2019, acordou inscribir a Indicación Xeográfica Protexida “Pan Galego”, no que se engloban diversos tipos de pan coñecidos de Galiza. Por moito que na orde da Consellería de Medio Rural do 14 de Xullo de 2017 pola que se solicita a IXP-Pan galego á Comunidade Europea, se faga mención especial ao pan de Cea, o certo é que agora queda diluído baixo o paraugas da IXP-“Pan Galego”.

De un turismo de milleiros de peregrinos de todas as partes do mundo que ó longo de todo o ano pasan por Cea; unha parte está interesado pola cultura e tradicións e adoita preguntar por lugares interesantes para poder visitar. Son moi escasos os muíños en condicións de moer e moi difícil o acceso moitos deles.

Todo este potencial económico desperdiciase pola desidia de un goberno municipal pouco imaxinativo, máis interesado en asignarse elevados salarios que en



Nos Abros colleitábanse patacas, nabos e forraxe para o gando.



Leiras das Naveas que no século pasado producían trigo, centeo e millo.



Peza de pan de Cea.

recuperar e desenvolver as nosas capacidades.

O Grupo Municipal do BNG, considera que fomentar o cultivo do trigo no concello debería ser unha política lóxica, non só polo valor da produción deste cereal ou pola aportación que poidera

supoñer cara á consecución da Denominación de Orixe Protexida, senón porque tamén axudaría a desbrozar amplias zonas, abrir novas pistas e mellorar os camiños existentes, evitar os lumes e incluso mellorar as condicións cinexéticas.

A fonte cibernética de Monforte foi mellorada

O pasado xuño o equipo de goberno acometeu os traballos de reparación da fonte cibernética da praza da Compañía, que é un dos puntos de máis interese e afluencia turística da cidade e o alcalde, José Tomé Roca, acompañado por diversos membros do Goberno municipal, visitou a instalación para proceder á apertura de dita fonte, logo de concluír as accións de mellora executadas.

As obras consistiron dunha banda, na reparación da fonte e doutra, no cambio da malla metálica, e a instalación dun peche perimetral na mesma. Para a execución destas obras de mellora, o equipo de goberno destinou un orzamento total de case 40.000 euros.

Recentemente o alcalde tamén inaugurou outra importante actuación no entorno desta céntrica zona da cidade, como foi a apertura das novas instalacións do Parque Infantil da Compañía, que



Inauguración das obras na fonte cibernética.

contou cun investimento superior ós 145.000 euros.

A reparación da fonte cibernética da Compañía consistiu na substitución da reixa electrosoldada, formada por unha pletina de aceiro tipo Trámex, que recubre a fonte na súa totalidade. Esta actuación foi adxudicada á empresa monfortina Alumetal por un importe de 27.140,30 €.

Do mesmo xeito, a fin de evitar futuros deterioros na estrutura e funcionamento da fonte, tamén se levou a cabo a instala-

ción dun cerramento perimetral, cuxa colocación foi adxudicada á empresa Global PCH Lugo, S.L.U., por un importe de 12.328,33 €, ive engadido.

“Con esta actuación recuperamos e protexeremos a que é unha das fontes máis concorridas da cidade, situada nun dos puntos neuráxicos de Monforte, para o disfrute de todos os monfortinos e monfortinas, particularmente polos nenos e nenas, así como das persoas que nos visitan” sinalou o alcalde.

Monforte inicia reparación da pérgola do Parque dos Condes



Pérgola danada no Parque dos Condes.

O Concello de Monforte iniciou as obras de reparación da pérgola do Parque dos Condes, logo de que o pasado mes de xuño, durante os traballos de limpeza da lagoa do parque, un camión da empresa encargada de ditos traballos danara a súa estrutura.

O alcalde sinala que “esta obra de reparación da pérgola do Parque dos Condes será cuberta polo seguro da empresa encargada das obras de limpeza da lagoa do par-

que, e agardamos que estea rematada nos vindeiros días, debido a que esta zona conta con moitos visitantes nesta época do ano.”

As actuacións de reparación da pérgola, que suporá a reposición de varias columnas danadas, serán desenvoltas pola empresa monfortina Mármore e Granitos Grande, polo que durante o desenvolvemento dos traballos, a zona da pérgola danada estará pechada para o tránsito dos viandantes.

Os músicos da Banda Municipal de Lugo melloran á súa situación laboral

Lara Méndez, alcaldesa de Lugo, vén de manter un encontro cos músicos da Banda para comunicarlles que o procedemento xudicial que afectaba á súa situación laboral concluíu definitivamente e que a sentenza se dá, xa, por executada. A rexedora, que acudiu á reunión acompañada pola concelleira de Gobernanza, Paula Alvarellos, trasladoulles que, dende o primeiro momento, “a vontade do goberno local foi rematar coa incertidume que existía sobre os seus postos de traballo, para mantelos e, se era posible, melloralos”.

“Cumprindo e acatando sempre as obrigas legais – sinalou Lara Méndez – tratamos de artellar todos aqueles mecanismos que permitiran a simultaneidade das súas funcións como docentes e músicos,

co obxectivo claro de evitar o peche da Escola Municipal de Música e os prexuízos que ocasionaría á cidadanía e, en particular, aos máis de mil alumnos e alumnas que son usuarios do centro na actualidade”.

Méndez admitiu que “tratar de conciliar todos estes aspectos demorou máis do desexado o procedemento” e indicou que, segundo os criterios técnicos, a solución máis garantista pasaba por vencellar a regularización e consolidación deste perosal coa aprobación dun plan de ordenación de recursos humanos.

A alcaldesa referiu que na actual Relación de Postos de Traballo, que entrou en vigor o ano pasado, figuran 20 prazas de músicos a tempo completo, que ademais das funcións ligadas estritamente á interpretación na Banda

de Música asumen, tal e como se prevé no manual de funcións aprobado, as de mestres na Escola Municipal de Música.

“O fito de contar con esa RPT actualizada e realista para coas necesidades da administración, supuxo tamén poder ocupar e provisionar definitivamente estes postos por doce funcionarios de carreira e seis empregados con contrato laboral fixo a tempo completo, ademais da vacante por excedencia e a praza de director, substituíndo, así, aos 24 postos a tempo parcial que contemplaba o documento anterior, do 2006, e completamente obsoleto”, afirmou a rexedora.

A tenente de alcaldesa e responsable da área de Recursos Humanos, Paula Alvarellos, explicou que esa nova ordenación do perosal operou, por tanto, unha mo-



Xuntanza da alcaldesa cos músicos.

dificación dos postos de traballo. “Por unha banda – dixo – permitiu suprimir catro prazas que se atopaban vacantes e, ao mesmo tempo, incluír as funcións docentes e/ou de apoio docente na Escola Municipal de Música, sen que, nesta ocasión, se teña producido ningunha impugnación ao respecto, senón que obtivo os preceptivos informes favorables durante a súa tramitación administrativa”.

“Unha reorganización que tiña dúas finalidades moi claras. A primeira, incrementar a tempo

completo a xornada laboral das e dos músicos e unha segunda baseada no feito de que é, precisamente, sobre o persoal adscrito á Banda de Música onde se sostén a aposta deste Goberno por unha Escola Municipal de Música, que tan estimado servizo leva dando dende o ano 2012 á veciñanza lucense”, sostivo a edil de Gobernanza que concluíu ratificando, pois, que “a situación dos empregados públicos con praza de músicos no Concello de Lugo pode entenderse na actualidade regularizada”.

Galicia

0 PSdeG denuncia o estado calamitoso do viveiro municipal de Ourense

O PSdeG-PSOE de Ourense denuncia o “estado calamitoso” no que se atopa o viveiro municipal e esixe que o bigoberno do Partido Popular e Democracia Ourensana poña en valor, de xeito urxente, o “enorme potencial” deste espazo. Os socialistas lembran que as dependencias de Santa Mariña do Monte chegaron a ser un “referente a nivel nacional”, ao tempo que lamentan o “abandono total e absoluto” dunha infraestrutura que leva seis anos en situación de paulatina decadencia polo “desleixo” dos gobernos do PP e de Jácome.

Malia considerar “claramente insuficientes” as contías destinadas á rehabilitación e adquisición de material para este espazo

contempladas nos orzamentos aprobados en 2020 –dotadas con 18,000 e 8,000 euros respectivamente–, dende o grupo municipal socialista esixen que o Concello acometa de inmediato estas partidas e que se comprometa a incrementar a asignación para dignificar o viveiro ourensán, dotalo do persoal necesario e conseguir que volva ser o centro neuráxico do abastecemento arbóreo e floral en Ourense que xa foi no seu día.

Os socialistas fan fincapé en que unha xestión axeitada destas instalacións suporía un considerable aforro para as arcas públicas, posto que permitiría a produción de plantas, flores e arbustos no viveiro, e evitaría o sobrecusto que supón ter que comprar a través de provedores externos a prezos máis

elevados. Lembran que en 2016 o alcalde da cidade, Jesús Vázquez, visitara as dependencias municipais do viveiro para afirmar que un dos obxectivos marcados polo seu goberno era a recuperación dese servizo. Porén, “a declaración de intencións do anterior rexedor popular non só quedou en papel mollado, senón que a situación do viveiro empeorou de xeito exponencial”, denuncian.

“Agora que os populares volveron ao goberno con Jácome, e que as competencias relativas a Medio Ambiente están delegadas no señor Pumar, preguntámonos se van emendar o agravio e cumprir as súas promesas”, inquired os socialistas. “Do contrario, teremos sospeitas fundadas de que o único que perseguen son as paguiñas e



Estado actual do viveiro municipal.

vender fume”, apostilan.


Os socialistas sinalan que as instalacións do viveiro, inauguradas no ano 1997, contan cunha superficie de 24.000 metros cadrados e están formadas por un invernadoiro de plástico, unha malla de sombreo e unha planta de compostaxe para a recollida de residuos verdes, entre outros equipamentos que a día de hoxe son presa do abandono.

Dos 1.200 metros cúbicos de

compost vexetal que produce anualmente o viveiro, só se aproveita unha pequena cantidade para o parque botánico de Montealegre, mentres o restante dorme o sono dos xustos nas dependencias de Santa Mariña. A malla de sombreo foi estragada polo vento e nunca se chegou a reparar, e o invernadoiro carece de teito, polo que moitas plantas sofren danos derivados das fortes choivas e tormentas.

Humor

MARTIRENA



Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Nós, Galicia.

Máis xuntos que nunca.

25 de Xullo · Día Nacional de Galicia



“Galicia somos nós: a nosa xente, a nosa cultura, a nosa terra. É a miña paixón e o meu compromiso. Moito que compartir polo progreso e futuro dos galegos e galegas.”

Gonzalo Caballero.



Galegos residentes en Asturias celebrarán os actos anuais en setembro

A Asociación Día de Galicia en Asturias, con sede en Oviedo, celebrará do día 16 ao 19 de setembro os actos anuais. No encontro empresarial que se celebrará na Cámara de Comercio de Oviedo homenaxearase a empresas asturianas e galegas. Lareiras do Norte, Pertejo, Hotel Restaurante O Cabazo, Gestinor, E.A.S.A., RTVG, Bodegas Galegas, MC- Mutual, Centro Franquías, Imoma, Edicións Protocolo, Bioquochem, Grupo Zendal- Biofrabi e Masdediez-Arquitectos.

No Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo desenvolveranse actos culturais e musicais que están en preparación. Se a situación pandémica permíteo, a organización volverá instalar na vía pública a carpa na que se celebrarán actos, sobre todo gastronómicos, durante a citada semana. O domingo



Manuel Fernández Quevedo, presidente do colectivo.

día 19 haberá misa cantada na catedral coa intervención da soprano Tina Gutiérrez.

O colectivo de galegos residentes en Asturias celebrou o ano pasado o seu XXV aniversario xa que foi en 1995 cando "un grupo de bos amigos namorados da nosa querida

Galicia tivemos a idea de fundar unha entidade que reforzase aínda máis a unión e irmandamento da terriña con este Principado", sinala o presidente Manuel Fernández Quevedo.

Pola súa banda, Alfredo Canteli, alcalde de Oviedo, lembra que "galegos e asturianos compartimos moito máis que o mero feito de pertencer a dúas terras fronteirizas. Temos problemas similares aos que en moitas ocasións tratamos de dar solución de forma conxunta. Compartimos sentimentos, tamén inquietudes."

Segundo Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia que acudiu o pasado ano aos actos, "non é de extrañar que 22.000 galegos vivan en Asturias e máis de 17.000 asturianos fágano en Galicia, un fluxo ao que se engaden os que cada día cruzan a fronteira por múltiples motivos".

Galicia e Asturias escenifican o primeiro contacto para recuperar o estado de conservación do río Eo



A directora xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, Belén do Campo, e o director xeral de Medio Natural e Planificación Rural do Goberno do Principado de Asturias, David Villar, mantiveron unha reunión de traballo na Casa do Concello de Vegadeo —na que tamén participou o alcalde, César Álvarez— para avanzar no proxecto conxunto de recuperación do río Eo.

Trátase dun proxecto coordinado por ambas comunidades autónomas e que se enmarca dentro das actuacións de restauración de ecosistemas e infraestrutura verde, ás que se destinan fondo europeos de recuperación

Next Generation.

O obxectivo é mellorar o estado de conservación dos corredores fluviais atlánticos da Rede Natura 2000. O proxecto, baseado nas boas prácticas extraídas do programa LIFE Fluvial, inclúe a xestión sostible dos hábitats en varias subconcas fluviais atlánticas deste humidal que forma parte de la lista Ramsar.

A actuación dos gobernos de Galicia e Asturias centrarase en actuar sobre factores de ameaza, como especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios, que provocan o deterioro e fragmentación dos hábitats dos corredores fluviais.

